

## **CONCURSO LOGOTIPO CEIP MANUEL SUEIRO**

### **BASES DO CONCURSO PARA O DESEÑO DO LOGOTIPO PARA O CEIP "MANUEL SUEIRO" DE OURENSE.**

#### **Preámbulo.**

O CEIP Manuel Sueiro non dispón actualmente dun logotipo que o identifique dun modo fácil, integrador, inequívoco e actual. O obxectivo deste concurso é a elaboración dun logotipo que ofrezca unha nova imaxe do centro.

#### **Bases do concurso.**

**1-Obxectivo:** Deseño dun logotipo destinado a ser a imaxe representativa do CEIP Manuel Sueiro, en toda a difusión de información sobre o mesmo, a través de súa páxina web e outros documentos.

**2-Requisitos/aspectos a valorar:** O logotipo deberá reflectir a natureza do centro, polo que se valorará:

a. -Que apareza o nome do centro (CEIP Manuel Sueiro).

**3- Participantes:** Poderá participar no concurso calquera membro da comunidade educativa. Cada concursante poderá presentar un máximo de 2 deseños. A participación no concurso presupón a aceptación das presentes bases en todos os seus termos.

**4.- Proposta:** O deseño será orixinal e inédito.

**5.- Documentación:** Entregarase na secretaría do centro. Cada debuxo debe conter na parte posterior o nome, apelidos e teléfono de contacto.

As versións do escudo ou logotipo do colexio Manuel Sueiro deberán vir coloreadas en calquera dos seguintes materiais (ceras, rotuladores ou lapis de cores) sendo nun folio de tamaño A4.

**6.-Prazo de presentación:** O prazo para presentar os deseños comezará o luns 18 de decembro e finalizará o venres 27 de xaneiro ás 14:00 h. Durante este período os concursantes deberán remitir os seus traballos á Secretaría do CEIP Manuel Sueiro.

**7.- Xurado:** O xurado encargado de valorar as propostas estará formado por:

a. O Director do centro

b. Dous docentes do centro encargados das actividades plásticas do mesmo.

c. Cinco docentes con funcións de coordinación e dinamización (Educación Infantil, Dinamización da Lingua Galega, TIC, Biblioteca e Actividades Extraescolares e Complementarias).

d. Dos representantes das familias, un deles nomeado pola ANPA Limiar e o outro elixido entre os membros do Consello Escolar.

**8.- Membros do xurado:** Ningún dos membros do xurado poderá presentarse como candidatos ao premio a súa praza non será cuberta con ningún reserva. O tribunal estará constituído por un mínimo de 3 persoas.

**9.-Acordo do xurado:** De entre todos os deseños presentados, o xurado elixirá un que será o gañador do premio. Se non se chegara a un acordo entre os membros do xurado, o concurso declararase deserto. O fallo do xurado se fará público a través da páxina web do centro e no taboleiro de anuncios do centro.

**10.- Dotación do premio:** O colexio concederá ao ganador/a do concurso un diploma e unha tablet de 10.1" valorada en 100€.

**11.- Propiedade intelectual:** O logotipo premiado quedará en propiedade exclusiva e permanente do colexio, que terá completa liberdade para usalo total ou parcialmente ou para modificalo no momento e na forma en que o considere necesario. La documentación presentada será devolta aos seus propietarios.

Ourense a 14 de decembro de 2018.